



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2020/4
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, XOVES 7 DE MAIO DE 2020 -

Hora comezo: 19:10 horas, baixo a presidencia do alcalde, Celebración telemática. A efectos xurídicos entenderase celebrado na Sede do Concello.

PRESIDE:
SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA, ALCALDE

ASISTEN:
PSOE
TANIA ROMERO GARCIA
MANUEL CARAMES LOPEZ
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
OLALLA BENLLOCH LEMA
MONICA VILELA VILELA
BNG
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
PP
SANDRA VILELA RIVEIRO
SOFIA LOPEZ SIMON
JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:
PSOE
IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MÓNICA IGLESIAS PREGO

Sr Alcalde abre a sesión, expoñendo que se seguirá a mesma mecánica de voto que na sesión anterior, con conformidade dos asistentes.

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da Acta da sesión anterior
2. MOCION GRUPO MUNICIPAL PP PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUXIA ACTIVA

1.-APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR.

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- MOCION GRUPO MUNICIPAL PP PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MUXIA ACTIVA



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A petición da Alcaldía a Secretaria explica que se somete a consideración plenaria a moción presentada polo grupo municipal PP da que teñen copia os grupos municipais.

Previo permiso da presidencia intervén a voceira do grupo municipal PP, Dna Sandra Vilela:

“A moción é coñecida por todos e unha proposta que en canto á cuantía está totalmente aberta. A situación económica que nos ven encima vai ser moi complicada e os esforzos que fagamos dende todas as administracións públicas son necesarias. Todos temos que sumar esforzos para que a economía saia adiante. Antes desta fixemos proposta sobre supresión de taxas de terrazas, revisión do IBI, ICIO, IVTM, condonación recibos de auga etc, e a alcaldía dicía que había problemas administrativos ou legais para levalas a cabo polo que decidimos para simplificar todo elo un pouco, presentar este plan de axudas directas . Este concello ten capacidade económica para facer fronte a este prantexamento e esperamos a unanimidade do pleno ao respecto.”

Seguidamente intervén D Carlos Fdez, BNG: “ Antes de nada quero dicir que esta semana se cuestionou o traballo dos voluntarios de Protección Civil e non atopo xustificación para elo. En canto á moción, non me parece unha boa opción o que se propón. Cando se trae unha moción ao pleno debería estar pensada, redactada e sabendo aproximadamente ao menos cal sería o gasto que elo suporía para o concello. Pero, as cantidades propostas salvan un negocio?. Teño dúbidas sobre elo. Ten o Concello capacidade para xestionar estas subvencións?, non creo que teña nin acceso aos datos precisos. Habería que pensar se é moral sustraer esas cantidades a persoas que o precisan, a persoas que están ou estarán en risco de exclusión social. É lícito subvencionar o mesmo a grandes que a pequenos negocios?., Non terían que poñerse condicións?. Estas son preguntas retóricas.

Hai outro punto cando se trae unha moción ao pleno como é si hai seguridade xurídica sobre o que prantexa, porque, estas axudas van ser compatibles?. Teño un informe de Espúblico que manifesta que non é competencia nosa e que o acordado ao respecto sería nulo



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Este pode ser outro intento de aproveitar esta situación para facer política, e que o que se pretende é dicir que o BNG e PSOE votaron en contra de que “ se os den cartos”; e non é iso. Seguimos, Sr Alcalde, á espera de que nos conteste á petición que fixemos dunha mesa de negociación para artellar medidas dende o Concello ante esta crise. Non sabemos nada do plan da alcaldía. Non sabemos nada das taxas da hostelería, se vai a reducir o IBI a estos establecementos, se vai a pedir a Portos que non cobre taxas nas terrazas, se vaia haber actividades culturais, é dicir se o concello vai a facer moitas cousas e non subvencionar directamente. Que vai pasar coas festas, que se vai facer para atraer turismo no futuro, ¿Vai axudar a comercializar os produtos do mar, ou mercados de proximidade? . Nesa mesa de diálogo poderíamos falar de todo isto, seguimos a pedir diálogo”.

O Sr Alcalde intervén: “ O meu diálogo é real e dentro de pouco contestarei a todas esas preguntas. En canto á moción do grupo popular é un invento para o titular dun día. Solicitei ao respecto informes da secretaría e intervención municipal e as conclusións son que as accións propostas non son competencia propia nin delegada deste Concello. (procede a ler parágrafos cortos de ambos informes).

A Xunta e o Goberno Central teñen axudas respecto a este tema (menciona varias). Non vou a incurrir en unha acción con informes negativos de secretaría e intervención, votarei en contra”

Volve a intervir a voceira do PP:” Respecto ao que dis Carlos, de presentar unha moción, non vou traela coas bases das axudas redactadas, plasmoo unha idea que é bastante clara e sinxela de entender. Prantexamos outras cousas e díxosenos que non. Isto pode ser complementario, se se entendeu que dixeran que non se podía aprobar outras , non foi o que quixen dicir. Dis que ese diñeiro se debe invertir en xente necesitada realmente pero debemos de evitar que chegue a ser necesitada. Anímoche a que fagas outras propostas, estaremos encantados de debater e falar sobre o que queiras. É unha moción cunha idea xenérica e no momento de plasmala nas bases teríase que cumprir a legalidade obviamente.. Oxalá que o goberno municipal recapacite e saque medidas da súa competencia. O diálogo non é só chamar por teléfono, dialogar é sentarse e facer xuntanzas.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

En resposta agora ao Alcalde, sabemos que é pouco diñeiro para un concello como Muxía cunha boa situación económica. O Concello de Silleda o fixo, o de Carballo tamén anuncia que poñerá en marcha axudas directas a autónomos e pemes. Teremos que demandalos por incumprimento da legalidade. Laracha tamén o anuncia e a alcaldesa de Vimianzo tamén. Sabemos que a viabilidade é difícil pero hai que querer.

O turismo é moi importante aquí e propuxemos no seu momento que se fixera unha subvención nominativa á Asociación turística de Muxía e a Alcaldía dixo que a tiña prevista antes do Covid. Con 950 euros non vamos a solucionar todos os problemas, pero si que se lles vai axudar. Carlos, pides medidas pero non aportas nada, confundimos a lealdade política coa sumisión.”

Volve a intervir D Carlos Fdez: “ Acabas de soltar un mitin, Sandra e hai cousas que non podo deixar pasar. Son de esquerdas e non estou a favor destas subvencións, non vale café para todos. Hai persoas en risco de exclusión, e será millor, por exemplo, pagar alugueres.

O Concello de Carballo non fai isto. Facer propostas non é saír na prensa. Fixen propostas e pido diálogo. Hai que subvencionar actividades e non persoas. Hai outros colectivos que tamén o pasan mal, percebeiros, labregos...o proposto é tirar o diñeiro público. Isto non é sumisión, é lealdade.”

O Sr Alcalde intervén: Non son nin o alcalde de Arteixo, nin de Vimianzo nin doutro sitio, e os informes son da Secretaría e a Intervención deste Concello.

A continuación somete a votación a moción, que queda rexeitada polos votos en contra dos integrantes presentes do grupo municipal do PSOE (6), e Mixto-BNG (1), e os votos a favor dos integrantes do grupo municipal do PP (3).

O Sr alcalde intervén manifestando: “ Vou axudar a Muxía e quero aproveitar este pleno para anunciar estas axudas”.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

A secretaria advirte que unha vez votado o asunto procede levantar a sesión, e que se pode establecer intercambio de opinións cos asistentes unha vez feito isto.

Os integrantes do PP e BNG manifestan a súa oposición á exposición da alcaldía , levantando este a sesión.
Rogos e Preguntas

Ás 20:15 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, martes 19 de maio de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández O alcalde, Santiago Manuel Toba
Campaña